



NOTA DE PRENSA

A rede de Patrimonio Lúdico Galego súmase ás múltiples iniciativas solidarias de creación de recursos neste tempos de confinamento

As asociacións e entidades pertencentes ao movemento galego de recuperación e posta en valor dos xogos e deportes populares e tradicionais galegos, veñen de crear unha páxina web (<http://xogos-tradicionais-corentena.weebly.com/>) coa finalidade de ofrecer recursos de xogos que se poidan realizar nas casas atendendo a este tempo de confinamento. Dentro da web hai unha lapela específica “xogos para estes días” onde se irán sumando diariamente xogos para todas as persoas.

A idea xurdiu como forma de contribuír a facer máis pasadeira a situación de alarma, pero tamén queremos ir un pouco máis aló. Queremos reivindicar o tempo de xogo como un valor que non debemos perder, un patrimonio que temos que coidar e que responde moi ben a estas situacións onde se nos pide parar (non consumir, non saír), nun momento no que as novas tecnoloxías non o poden ocupar todo. Para levalo a cabo só precisas: creatividade+material de refugallo + diversión = entretemento educativo, á vez que coidas a nosa cultura.

Cada día aumentará o número de xogos, estade atentas!!!!

Páxina web:

<http://xogos-tradicionais-corentena.weebly.com/>

Contacto:

Noelia Darriba: 660 170 179